



RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

Expediente: 2016/10/144

Procedemento de adxudicación: negociado sen publicidade

Tramitación: ordinaria

Obxecto: Reforma e ampliación do CEIP Laredo de Redondela

Despois de aprobar o gasto e o expediente de contratación, así como o prego de cláusulas administrativas para a celebración do contrato de execución da obra: **“Reforma e ampliación do CEIP Laredo de Redondela”**, polo sistema de procedemento negociado sen publicidade, cun orzamento total de 139.903,13 € (115.622,42 + 24.280,71 de IVE).

Unha vez seguidos os trámites sinalados no Texto refundido da Lei de contratos do sector público (RDL 3/2011 de 14 de novembro) e segundo o artigo 178 do TRLCSP e o apartado 14.2 do Prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación, polo procedemento negociado sen publicidade, solicitáronse ofertas ás empresas que a continuación se indican con especificación dos prezos ofertados e as observacións seguintes:

| Empresas | Primeira Oferta sen IVA | Segunda Oferta sen IVA | Observacións |
|------------------------------------|--------------------------------|-------------------------------|---------------------|
| Const. Castro Figueiro, SLU | 114.350,57€ | 97.585,32€ | |
| Const. Hermanos Sanz 2000, SL | 113.772,47€ | 113.772,47€ | |
| Const. Lemos Martínez, SL | 100.591,50€ | 100.591,50€ | |
| Const. Orega, SL | 113.113,41€ | 98.429,37€ | |
| Const. Rafer, SL | 108.685,00€ | 108.685,00€ | |
| Const. Ramirez, SLU | 115.622,42€ | 115.622,42€ | |
| Const y Conserv de Inmuebles, SL | 109.841,30€ | 109.841,30€ | |
| Oreco | Non presenta | | |
| Unika Proyectos Familiares, SA | 104.083,30 | 94.636,95€ | |
| Xestión Ambiental de Contratas, SL | 113.194,35€ | 113.194,35€ | |

Solicítase á empresa Unika proyectos y obras, SAU a xustificación da oferta económica tal como indica o artigo 152 do TRLCSP. A Unidade Técnica emite o informe correspondente que indica que non considera xustificadas as ofertas desproporcionadas presentada pola empresa.

Polo tanto, de conformidade co artigo 152.4 do TRLCSP, a oferta máis vantaxosa que non é unha oferta desproporcionada, é a formulada pola empresa **“Const. Castro Figueiro, SLU”**, polo que, no uso das facultades que teño conferidas polo Decreto 4/2013 do 10 de xaneiro, **RESOLVO:**


Adxudicar, á empresa **“Const. Castro Figueiro, SLU”** este expediente por un importe total de 118.078,24 € (97.585,32 € + 20.492,92 € de IVE) e cun prazo de execución de 2 meses.



XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria
Servizo de Programación e Contratación
Contratación

Avda. Fernández Ladreda 43 - 8º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805317 Fax: 986 805937
contratacion.pontevedra@edu.xunta.es



O adxudicatario deberá presentar, dentro do prazo de dez días hábiles, a documentación xustificativa de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e a seguridade social. Así mesmo constituirase unha fianza definitiva do 5% do importe de licitación excluído o imposto sobre o valor engadido.

A adxudicación deberá notificarse aos licitadores e publicarse no perfil do contratante do órgano de contratación.

Contra esta resolución poderase interpoñer o correspondente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses que se contarán desde o día seguinte á notificación da presente resolución, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Con carácter previo, e se fose do seu interese, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes, que se contará a partir do seguinte a aquel no que se reciba a notificación expresa. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Pontevedra, 30 de setembro de 2016

O xefe territorial,

César A.Pérez Ares